

Tw en galego 



# Presentación

A **iniciativa Twitter en galego** ve a luz en maio de 2011 co simple cometido de poder configurar esta plataforma social en lingua galega. Eran moitas as usuarias e usuarios que reclamaban dende as súas contas particulares poder configurar o Twitter en galego. Por esta razón creouse a conta **Tw en galego** (@eusonchio) para lograr este obxectivo e fornecer estas reivindicacións cunhas accións organizadas.

# Obxectivos

**Obxectivo principal:** lograr a tradución completa ao galego da rede social Twitter. Fomentando deste xeito que xurdan novas iniciativas similares en diferentes plataformas.

**Obxectivos específicos:** fomentar o uso da lingua galega entre as usuarias e usuarios de Twitter. Tan importante como o obxectivo principal, é a animar a publicar chíos en galego.



# A quen vai dirixido

Non hai un público específico que poidamos abordar cunha idade, formación ou calquera outra característica concreta. Este proxecto está aberto a todo o mundo que teña unha conta en Twitter e queira colaborar, sexa traducindo a aplicación, compartindo información ou fomentando o uso do galego na plataforma.

## Comezamos a traducir

Despois dunha intensa campaña bombardeando a peticións o centro de axuda da plataforma social, en setembro de 2012 o Centro de Tradución de Twitter incorpora o galego como unha das moitas linguas a traducir. Deste xeito iníciase o camiño que levaría a xuntar a toda a comunidade galega a poñerlle a nosa voz ao paxaro azul.

Crease a web [twitterengalego.gal](http://twitterengalego.gal) para dar un impulso á iniciativa, así como guiar a todas aquelas persoas que se estaban a incorporar á tradución e non sabían como empezar.





# O galego forma parte de Twitter

Despois de seis meses de intensa tradución, chegando a traducir máis de 10.000 cadeas de frases e termos, en **febreiro de 2013** o galego convértese noutra nova incorporación a grella de linguas que se poden empregar na configuración desta rede social.



#TTC\_GL

Galician language community dashboard

O proceso de tradución no que participaron centos de persoas voluntarias foi titánico, no cal tiveron que traducir e revisar milleiros de cadeas de frases/palabras en galego e inglés.

Dende a iniciativa íase apoiando e explicando a este grupo de voluntarias como funcionaban os diferentes apartados cos que contaba este centro de tradución e como había que traballar en cada un deles.

# Exemplo do Centro de Tradución

## Translation feedback

Which translation do you think is approved for the following phrase?

**Retweet** Notes: Noun. A Tweet by another user, forwarded to you by someone you follow. Often used to spread news or share valuable findings on Twitter.

🔄 Retweet: **Rechouchio**. *Forwarding another user's Tweet to all of your followers. (Notes: Verb. Forwarding another user's Tweet to all of your followers.)*

- Rechouchio
- Retweet
- Rechío

Skip

Continue



#DígochoEu

24  
.gal


chiar

~~twithear~~

~~tuítear~~

# Como fala Twitter?

A comunidade galega, neste proceso de adaptación da plataforma á nosa lingua, escolleu termos propios para denominar ás diferentes palabras que se empregan para as accións que se levan a cabo en Twitter.



Agora en Twitter podemos publicar **chíos** que son mensaxes de 280 caracteres e **rechouchiar** os que máis nos gusten, acompañados dun **cancelo** que estea en tendencia.



Tw en galego   
@eusonchio



A [@AcademiaGalega](#) aceptou os termos «chío», «rechouchío» e «rechouchiar» no dicionario [#Twitterengalego](#)



The screenshot shows the website of the Real Academia Galega, featuring the logo and the name 'Fundación Barrié'. The main content area displays the entry for the word 'chío', which is a masculine noun. It includes a search bar with options for 'Busca simple', 'Sinónimos', and 'Busca avanzada'. The definition of 'chío' is provided, along with examples and synonyms. On the right side, there is a section for 'O DICCIONARIO NA TUA WEB' with a form to subscribe, including fields for 'Nome', 'Apelidos', and 'e-mail', and an 'enviar' button.

11:33 PM · Oct 13, 2014



 34  Reply  Copy link

[Read 1 reply](#)


A normalización e uso da terminoloxía propia en Twitter é todo un éxito. As usuarias e usuarios de Twitter xa falan de publicar chíos e os medios de comunicación xa os usan con total normalidade cando queren facer referencia ás mensaxes publicadas nesta rede social.

**nós**  
DIARIO

Política Social Internacional Traballo Economía Cultura Lingua Opinión Deportes Historia **SERMOS GALIZA**

## A #PatriaGalega chíó a chíó

Conviven nas redes os cancelos #DíadaPatria e #DíadeGalicia. Eis algunhas mostras.



**G24**.gal

Telexornal Mediodía

### Chío de solidariedade do presidente do Goberno

Publicado o 13/08/2018 15:02






# PORTAL DAS PALABRAS

Unha iniciativa da RAG e a Fundación Barrié



INFO



LÉXICO



VÍDEOS



XOGOS

DICIONARIO

SINÓNIMOS




Busca avanzada

## Media



9 MARZO, 2016

### chíos de Twitter



Non hai elementos

### Palabras traballadas

Todos os termos que traballamos, fóra das Palabras do día, ordenados alfabeticamente.

VER

### Palabras do día



Unha palabra cada día dos 365 do ano, ordenadas alfabeticamente ou por data.

IR



Thank you for your interest in helping us translate Twitter

Please note we are no longer accepting new Translation Center sign ups as of November 01, 2017.



## **O Centro de Tradución pecha as súas portas**

En 2017 anúnciase que Twitter pechará a súa plataforma para traducir a plataforma por motivos económicos. O que fixo que o proceso de tradución se detivese, paralizando os avances que se conseguiran até o momento e por esta razón, non podemos configurar en galego a nosa aplicación móbil de Twitter.



 Tw en galego

# Solicita a Twitter a túa lingua


Comezar

A pesar do acontecido, a iniciativa Twitter en galego doulle unha volta á estratexia e neste momento estase a reclamar masivamente que a plataforma habilite a lingua galega entre as súas linguas de preferencia, así como a actualización da aplicación. Ademais segue a desenvolver un labor fundamental pola dinamización do galego.

# Envía ti mesmx a solicitude


A web [twitterengalego.gal](https://twitterengalego.gal) está habilitada para que se poidan enviar estas solicitudes demandando a lingua galega dunha forma sinxela e masiva.

En tan só tres pasos, calquera usuaria ou usuario de Twitter pode colaborar coa iniciativa.



The image shows a mobile app interface for the Twitter Help Center. At the top, there is a header with the Twitter logo, the text "Help Center", a hamburger menu icon, and a search icon. Below the header, there is a section titled "Helpful articles" with a downward arrow. The main form area contains several fields and instructions:

- Your Twitter username (required)**: A text input field with a required field indicator (ⓘ).
- Your email (required)**: A text input field with a required field indicator (ⓘ). Below it, a note says: "Please enter an email address we can use to contact you."
- If you need to add an email address to your account, or change the email address you are using for your report, please [follow these instructions](#).**
- Where are you experiencing this issue? (required)**: A dropdown menu currently showing "Twitter for Android".
- Describe the problem you're having (required)**: A text input field with a required field indicator (ⓘ). Below it, a note says: "Please include as many details as possible about what's happening."



# Impacto da iniciativa

A repercusión que ten é inmensa. Sendo exemplo para moitas outras persoas que comezaron a crear as súas propias para difundir ou reivindicar o galego noutros ámbitos e espazos.

A nivel estatístico a conta principal da iniciativa conta con case 33.000 seguidorxs en Twitter e seguen a páxina en Facebook máis de 15.000 persoas.



The image shows a screenshot of a Twitter profile for 'Tw en galego' (@eusonchio). The profile header includes the Twitter bird icon, a 'Seguindo' button, and icons for more options, messages, and notifications. The bio reads: 'Únete para que a app de Twitter estea en galego'. Below the bio, it lists 'Community', 'Galiza', the website 'twitterengalego.gal', and 'Uníuse en maio de 2011'. The profile statistics show '512 seguindo' and '32.689 seguidores'. A 'Boletín' section contains a tweet titled 'Iniciativa Twitter en galego' with a truncated text 'Máis de 280 caracteres...'. Below this is a 'Comezar a ler' button. At the bottom, there are tabs for 'Chíos', 'Chíos e respostas', 'Multimedia', and 'Gústames'. The main tweet is from @eusonchio, dated 17/04/2021, celebrating 10 years of the initiative and mentioning the hashtag #MilChíosMáis.

## Un "chío" polo galego

A conta reivindicativa Twitter en galego, que xa suma máis dunha década de traxectoria, anima á cidadanía a comezar a usar a aplicación no idioma propio da Galiza.



**i** Imaxe promocional da conta Twitter en Galego. (Foto: Twitter)

Con campañas como esta, cada día máis persoas se unen e cambian a súa configuración en Twitter. Máis de catorce mil contas foron configuradas en galego.


Que plataformas como Twitter teñan a posibilidade de ser usadas na nosa lingua e que as usemos en galego, traslada unha mensaxe clara como consumidoras e consumidores.

Unha das funcións paralelas que desenvolve a iniciativa é a de informar en galego sobre as novas actualizacións que se producen na plataforma. Sendo posiblemente un dos poucos recunchos da rede, xunto a CódigoCero, onde se pode encontrar información sobre Twitter en lingua galega.

Un **Boletín** que se está accesíbel no perfil e que se publica nos chíos da conta.

### Edicións anteriores





Dinamizar a comunidade galegofalante na plataforma segue a ser dez anos despois unha prioridade para a iniciativa. Fomentando o aumento de chiadorxs en galego no **galituiter**, así como a elaboración de ilustracións actuais para compartir e presumir de lingua.

# Fomentando o uso da lingua



twitter en galego





## Entrevistas | #quedanacasa

Colaboración entre a iniciativa Instagram e Twitter en galego, pola cal se realizaban entrevistas a diferentes persoas a través dos directos de Instagram e despois se volvían a emitir por Periscope en Twitter. Preme aquí para velas en **Instagram** ou **Youtube**.



Iniciativa Instagram en galego  
coa colaboración de Twitter en galego



Iniciativa Instagram en galego  
coa colaboración de Twitter en galego



Iniciativa Instagram en galego  
coa colaboración de Twitter en galego



Iniciativa Instagram en galego  
coa colaboración de Twitter en galego



Iniciativa Instagram en galego  
coa colaboración de Twitter en galego

## Tendencias


A iniciativa Twitter en galego creou e impulsou varios cancelos que chegaron a ser tendencia do momento a nivel estatal e incluso a ser unha tendencia global como aconteceu coa etiqueta **#EuNaCidadeDaCultura** que buscaba brincar sobre que facer co futuro desta infraestrutura.



## Premio á mellor conta en galego

En 2015 creouse o certame para premiar á mellor conta de Twitter (un preludio dos premios Galituiter). Podía participar todas aquelas contas que publicaban os seus contidos en galego e eran finalmente elixidas polo público. Este certame durou tres anos.

**PREMIO Á CONTA 2016**  
INICIATIVA TWITTER EN GALEGO



**Quen cres que debe ser á conta 2016?**

Nome
Enderezo electrónico
Nome da conta @exemplo
<input type="button" value="Propoñer"/>

# DEZ ANOS CHIANDO

---

2011-2021

# Premio Rosalía de Castro

Recoñecemento por parte da Deputación da Coruña

No 2021 a iniciativa recibe o recoñecemento do Departamento de Cultura da Deputación da Coruña por atender espazos emerxentes de uso da lingua galega e polos dez anos de traballo para normalización desta plataforma.



## Repercusión mediática

Foron bastantes os medios, galegos e estatais, os que sentiron curiosidade por como funcionaba e avanzaba esta iniciativa, ademais de blogues ou universidades que empregaron esta información para impartila nas súas aulas. Preme no titular para saber máis:

Twitter en galego, una apuesta por el gallego en la red **Lar Gallego**

Este luns 7 de maio: nova reivindicación para acadar Twitter en galego **Código Cero**

Por un Twitter en galego **Galicia Confidencial**

Twitter esquece o galego **La Voz de Galicia**

Para cando un twitter en galego? Depende de ti **Praza Pública**

Twitter autoriza o inicio do proceso de tradución ao galego **Praza Pública**

Twitter hablará gallego **Faro de Vigo**

Twitter inicia la traducción al gallego **TIC beat**

A rede social Twitter piará en lingua galega **La Voz de Galicia**

Cara ao Twitter en galego **Praza Pública**

Twitter tamén estará en galego **Galicia Confidencial**

Twitter da alas ó galego **V Televisión**

Se buscan traductores para el Twitter en gallego **El País**

Chamamento ao voluntariado en liña para completar o Twitter en galego **Código Cero**

Máis de cen voluntarios traducen gratis redes sociais e entornos web ao galego **La Opinión**

Un Chío! para finalizar o Twitter en galego **Galicia Confidencial**

Xorde Chío! para ultimar o Twitter **Código Cero**

Que haxa twitter en galego depende dos teus votos **Praza Pública**

Twitter ya está disponible en gallego en la web y en vasco y catalán en iOS y Android **RTVE**

E por fin, Twitter en galego! **Praza Pública**

Übersetzung und soziale netzwerke. Wie das galicische zu Twitter kam **Galicien-Zentrum der Universität Heidelberg**

Carlos García, promotor de "Twitter en galego" **Radio Voz Bergantiños**

Chíos que se convierten en tendencias porque Twitter tamén fala galego **Universidade de Vigo**

**FACENDO QUE CADA DÍA  
MÁIS CHÍOS DE TWITTER  
SEXAN EN GALEGO**

INICIATIVA TWITTER EN GALEGO

